



Marineda Atlético

Año de fundación: 1992

Número de fichas 2015/2016: 170

Nome do Presidente: Jose Antonio Bazán

Delegación: A Coruña

Correo electrónico info@marinedaatletico.es



Continuando ca rolda de entrevistas ós distintos clubes galegos falamos hoxe con José Antonio Bazán presidente do Marineda Atlético.

O Marineda, xunto ó Coruña Comarca e Riazor Coruña, e un dos clubs máis representativos da cidade herculina

que nos últimos tempos ven de experimentar un medre considerable no seu número de atletas. Pare elo ven de reforzar o seu organigrama ampliando esciarios e persoal técnico como nos contarían ***“O Marineda Atlético ten a estrutura do Club na parcela deportiva dividida na Escola, que coordina Elena González e que está formada por 80 nenos de entre 7 e 14 anos con 5 monitores: Javier Armesto, Hugo Chousa, Diego Crespo, Adrián Moreno e Madó González, así mesmo Vicente Veiga ademais do seu grupo de atletas, dirixe o sector de valados, Elena González o de saltos e Mauro Naveiras o de lanzamentos.*”**

Dentro desta estrutura sinalan a importancia de todas as categorías ***“O Club tamén conta con atletas veteranos que participan con frecuencia en Campionatos de España tanto en pista, coma en ruta, e na que este ano volvemos contar con Ramón Serantes, atleta de recoñecido prestixio pola súa carreira deportiva”*** Loxicamente as xóvenes promesas centran unha atención importante dentro da entidade ***“...outros atletas destacados son Eugenia Gil medallista no Campionato de España Promesa esta tempada e Ivanna Román atleta que adestra con Necho Fernández e que consideramos é o futuro da xavalina a nivel nacional dada a súa mocidade”***



falar os sete falares



//ABANCA



Facendo un repaso do que deu de si esta última tempada rematada recentemente, non o dubidan **“Valorámola moi positivamente xa que un dos obxectivos era consolidar a Escola do Marineda, así como ter representación en todos os Campionatos Galegos de todas as categorías. Da mesma maneira marcámonos acudir ó Campionato de España con atletas xuveniles, juniors e promesas”**

Para o Marineda un dos aspectos claves de futuro será o de **“Formar ós nosos monitores para consolidar un proxecto a longo prazo”** na que ademais se marcan **“...seguir colaborando na organización de Campionatos ca Federación e de probas populares co Concello”**

Para rematar e lembrando as súas orixes fai case un cuarto de século, abogan por un futuro de crecemento **“O proxecto do Marineda iniciado hai anos é de futuro en canto a ter unha base de atletas que nos permita medrar”** para elo inciden na importancia da súa escola **“...para eles contamos coa nosa Escola na que 6 monitores desenvolven semanalmente as sesións. Ademais da súa escola loxicamente o rendemento e un eixo fundamental da súa política “...contamos con**

diferentes grupos de adestramento dirixidos por Vicente Veiga, Elena González e Mauro Naveiras, o obxectivo con estes atletas é o rendemento seguindo a evolución de atletas destacados como Eugenia Gil, Ivanna Román ou Javier Mañana”